




ATLÁNTICAS. MULLERES DO NORDÉS

VIKI RIVADULLA

A artista, nada na Coruña e de ascendencia muxiá, presenta a serie Atlánticas. Mulleres do Nordés, composta de trinta cadros acrílicos pintados entre 2020 e 2021. Todas estas obras levan por título *Atlántica* e a abreviación “núm.”, e van seguidas do número correspondente (*Atlántica núm. 1, Atlántica núm.2...*). A serie nace como unha declaración de principios e unha toma de postura ante unha forma de vida e unha cultura do mar das que a autora forma parte, por legado e por desexo, e que son intrínsecas á esencia da Costa da Morte. O lugar onde vive, Muxía, está presente en todo o proxecto de maneira moi intensa, mais é un microcosmos exportable, metáfora de moito máis.

O mundo do mar está en serio perigo de extinción, polo menos tal e como o coñecemos, como forma de vida que vai mais alá dun oficio e que supón unha filosofía e un xeito de entender o ser humano. A autora reflexiona: “Mais, se non somos xentes do mar, que é o que somos? Que imos ser? Que queremos ser? Cal é o futuro? Haino?” De aquí xorde a idea de Atlánticas. Mulleres do Nordés, inspirada nas mulleres da costa galega, especialmente nas da Costa da Morte, e presenta uns seres case míticos pero fundamentados nunha realidade e ligados ao seu oficio mariñeiro. Mulleres apoderadas que defenden con orgullo o seu ser mariñeiro, mais afastadas do estereotipo de muller que agarda no peirao a volta do home do mar.

As mulleres do mar foron invisibilizadas secularmente, maila seren figuras tan imprescindibles coma as percebeiras, as mariscadoras, as peixeiras, as redeiras e mesmo as mariñeiras e as patroas —que habelas hainas—. Non obstante, na literatura, na arte e no imaxinario perpetuouse a imaxe da muller sufridora e pasiva que agardaba a chegada do home, quen traía a casa o alimento e a vida.

Pero non foron as mulleres as que moveron o mundo levando nas cestas á cabeza os peixes e outras mercadorías e traendo á casa, en troques, o millo e os produtos da terra? Foron as mulleres as que converteron o produto de subsistencia en mercadería

para a supervivencia da tribo do mar. Logo de apañar percebes, recoller leña, traballar na horta e atender a casa, percorrían quilómetros coa cesta na cabeza, e marcaban os camiños cos propios pés para que a vida puidese seguir adiante. Mentres, nos contos e nos cantos transmitiron a nosa lingua e o noso ser. Nada menos!

Son esas mesmas mulleres as que, nas palilladas, ademais de facer o encaixe que fornecía unha das industrias máis potentes desta zona no pasado século, socializaban e organizaban bailes, contadas, o Entroido... Sempre con esa forza motora tan afastada da muller pasiva que agarda.

Estas mesmas mulleres metamorfoseáanse na épica nas imaxes das Atlánticas, unha especie de xamás que veñen rachar con outras lendas patriarcais para, por exemplo, apoderar a Frolinda, protagonista da lenda muxiá da Buserana na que un pai machista afogaba a liberdade e a vida da moza e do seu amante. Frolinda adquire unha nova vida nestas mulleres que saen ao mar para conxurar elas mesmas o naufraxio e rachar coa maldición dos úteros fendidos polas ausencias ou para marcar, donas do seu destino, a singradura da liberdade. As atlánticas néganse a abandonar a súa forma de vida ligada ao mar. Son mulleres que viven en simbiose coa costa, cos cons e cos peixes; que coñecen os pulsos das mareas; coróanse de vida con ourizos, peixes e percebes que lles nacen nos cabelos; e teñen escamas na pel afeita a vivir no salitre e no nordés.

As atlánticas son un berro ante o cambio que chega para deixar as vilas baleiras de mar, dese mundo do mar que nutriu toda a nosa estirpe mariñeira tanto física coma emocionalmente. Chegan para mostrarnos todo o que estamos a punto de perder, a beleza desa vida vizosa do mar que chegou das antergas, e sobre o que teríamos que tomar urxentemente conciencia.

Atlánticas é unha canción de resistencia e liberdade nas voces das mulleres.






















ATLÁNTICAS

Nós, as que navegamos no solpor, as que deixamos o peirao e botámonos ó mar, remo en man.

As que parimos o oco baleiro dos nosos úteros fendidos pola dor do naufraxio.

Nós, as que soubemos da ausencia en cada recuncho da casa. Soubemos que a casa non era o noso territorio. Viviamos exiliadas nela. Por iso saímos ás pedras e deixamos medrar o arneiro entre as escamas da nosa pel.

Nós, que levamos o congro das cabrias como bandeira mariñeira. Ese congro que rachou coa fame da tribo, destripado polas nosas mans, dándonos a vida en xeneroso sacrificio para que puideramos seguir adiante.

Nós, señoras do Nordés, as que galopamos nas ondas coma ninguén. Os nosos pés teñen a forma precisa para acubillarse nos cons, chamando polas barbadás, saltando aos percebeos, fuxindo da morte que aniña nas ondas.

Nós, atlánticas, aleitadas con millo e sargos, que parimos polas unllas pan de ovo e follados, coroándonos de vida cos ourizos que medran nos cabelos.

Nós, últimas habitantes desta terra esquecida, onde o mar trae as crebas da memoria dun mundo que foi, tecemos cos panillos a pel para tapar as feridas nas arribadas e curamos ao Nordés coma os congros pendurados.

Nós, autoras da nosa propia lenda, seguimos o ronsel de Frolinda que non desapareceu no Cachelmo buscando a Buserán na Furna. Non. Nunca nos contaron a historia verdadeira.

Frolinda arriou a gamela e foi na procura do seu amor entre os peixes. Vogando sempre para que escoitáramos a cantiga de Buserán con acordes libertarios.

Nós, atlánticas, mulleres do Nordés... Resistímonos a marchar. Os cons son a nosa casa e os salseiros traen o osíxeno preciso para as nosas branquias, antes de volver ao mar coa enchente. Ás veces camiñamos pola terra coma se fósemos humanas. Pero o mar chámanos e saímos entre a borraqueira a cantar coa voz ronca da buguina e o corvo mariño...

Non cremos a historia que traen as enganosas voces das sereas. Elas non saben do paraíso. Nunca viron morrer o sol na Sala do Perello. Elas non saben que non hai nada detrás da néboa. Por iso non din a verdade.

Non hai outro lugar para nós.

Só os ollos do cetáceo son o noso oráculo. Eles din sempre a verdade. E devolven, coma un espello, a nosa imaxe de mulleres do mar.

É por iso que navegamos no lombo da balea. Expulsadas do paraíso de argazo e sal. Resistíndonos a abandonar esta costa e este mar e ese Nordés que trae as voces das antergas. Procurando a singradura da liberdade que nos devolva á vida.

VIKI RIVADULLA

DATAS E HORARIOS

Do 10 ao 30 de marzo de 2023

De luns a venres, de 9 a 20 h

Sábados, de 10 a 14 h e de 17 a 19 h

Domingos e festivos, de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra